

Máis de medio centenar de persoas acudiron á manifestación convocada en Nigrán pola Plataforma de Afectados polo proxecto da PO-325 en contra dun carril bici con senda peatonal que unirá os 16 quilómetros que separan Vigo da Ramallosa pola costa. A infraestrutura, recollida no plan viario metropolitano da Xunta, conta co apoio do concello. Os afectados, ademais de denunciar as súas propiedades que serán expropiadas, alertaron á cidadanía da alta peligrosidad que conlleva esta actuación por medio dun par de ataúdes.

Trala pancarta "Perigo de morte" e con mensaxes para os alcaldes de Vigo e Nigrán como o "Xunta prepotente, Juanes obediente", os congregados marcharon sen incidencias pola estrada da vía desde a rotonda de acceso á autopista ata a glorieta de Praia América para regresar nuevamente ao momento de partida. Continúa no [Faro de Vigo](#)